

Nome _____ Data _____

Lembra

Hai palabras como *precociñar*, que se forman engadindo un **prefixo (pre-)** diante doutra palabra (*cociñar*). Os prefixos adoitan achegar un **significado diferente** ao da palabra diante da que se colocan.

1. Identifica o prefixo en cada palabra. Escríbeo separado da palabra á que se uniu coma no exemplo.

- desfeito ► *des-feito*
- repintar ► _____
- invencible ► _____
- antepasado ► _____
- extraordinario ► _____
- translucir ► _____

2. Escribe tres palabras diferentes que comecen con cada prefixo.

- des- ► _____
- extra- ► _____
- pre- ► _____

■ Que significado achegan os prefixos anteriores? Completa.

- O prefixo _____ contén a idea de «fóra de».
- O prefixo _____ contén a idea de «anterioridade».
- O prefixo _____ contén a idea de «acción contraria».

3. Escribe a palabra que corresponde a cada definición. Fíxate no prefixo polo que comezan e numera.

1. Que vai máis alá do océano.
2. Que está diante do penúltimo.
3. Acción contraria a conxelar.
4. Volver tomar.

re_____ ante_____ des_____ trans_____

4. Forma palabras novas engadindo os prefixos que corresponda.

des-

sub-

re-

pre-

- engano ► _____
- fixar ► _____
- montar ► _____
- delegado ► _____
- fabricar ► _____
- urbano ► _____
- vender ► _____
- construír ► _____